

Construción da páxina

Nos menús de administración "Construción do sitio" é onde configuramos todo o relativo á "**estrutura física**" da páxina: desde a distribución dos seus diferentes elementos (**bloques e menús**), ata a selección das **plantillas** que dan un aspecto máis personalizado.

Veremos a creación dun **menú dinámico** a partires dunha taxonomía, procedemento clave para a boa configuración da nosa web de centro.

Veremos tamén a administración de **módulos**, que son os responsables de dotar de funcionalidades á nosa páxina. Como administradores no centro dun Proxecto compartido cos demais centros educativos galegos, poderemos activar e desactivar os módulos xa instalados pero a instalación de novos módulos está restrinxida aos responsables do proxecto Webs Dinámicas.

Tamén trataremos neste tema sobre a creación de **alias de URL**.

Alias de URL

Ruta: Administrar > Construcción do sitio > Alias de URL

A creación de alias de URL permítenos definir un xeito máis directo e doado de acceder a unha ruta ou a un contido dentro da nosa web. Para dispoñer desta función debe estar activo o módulo **Path**, ubicado na sección **Core - Opcional** da lista de módulos.

Pestana *Lista de alias*

Na pestana **Lista** podemos ver os alias dispoñibles cos seguintes campos:

Alias: é a palabra que engadida á URL da páxina principal nos levará á ruta especificada (no exemplo da imaxe: *blogwebmaster*).

Sistema: ruta dentro da nosa web destiño do alias. Só se debe especificar a parte da URL que vai despois da URL da páxina principal da web (no exemplo da imaxe: *blog/1*).

Idioma: idioma para o cal estará dispoñible o alias. Se aparece baleiro quere decir que está dispoñible para todos os idiomas.

Operacións: enlaces para *editar* e *eliminar* o alias de URL.




Figura 1: Lista de alias de URL.

Con este alias, a URL <http://www.edu.xunta.es/centros/CENTRO/blogwebmaster> é equivalente á ruta <http://www.edu.xunta.es/centros/CENTRO/blog/1>

Pestana *Engadir un alias*

Pinchando nesta pestana accedemos ao formulario para engadir un novo alias. Este formulario é o que se usa tamén para editar un alias existente. Para engadir un novo alias de URL debemos introducir os seguintes valores:

Idioma: idioma para o cal estará dispoñible o alias de URL. Se queremos que este alias funcione só cando se está visualizando a interfaz da web nun idioma concreto, seleccionaremos aquí o idioma desexado, pero isto debe utilizarse só cando está establecido algún mecanismo de *negociación de idioma* na configuración de idiomas do sitio.

Ruta existente no sistema: aquí introduciremos a ruta dentro da web á que queremos acceder (no exemplo da imaxe anterior: *blog/1*). Esta ruta xa debe existir. Se o alias é para acceder a un contido a ruta será do xeito *node/NID* donde NID é o número que identifica ao contido, pero isto tamén o podemos facer desde o formulario de creación ou edición do propio contido, introducindo o nome do alias na súa sección *Axustes de ruta URL*.

Alias de URL: aquí introduciremos a palabra que queremos sexa un alias da ruta anterior (no exemplo da imaxe anterior: *blogwebmaster*).

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Construción do sitio](#) » [Alias de URL](#)

Alias de URL

[Lista](#) [Engadir un alias](#)

Insira a ruta que quere para crear o alias, seguido do nome do novo alias [\[máis axuda...\]](#)

Idioma:

Empregarase sempre un alias da ruta ao conxunto para un idioma específico para mostrar esta páxina nese idioma, e ten prioridade sobre os alias de ruta fixada para *Todos os idiomas*.

Ruta existente no sistema: *

Especifique a ruta existente para a que quere un alias. Por exemplo, node/28, forum/1 o taxonomy/term/1+2.

Alias de ruta: *

Especifique unha ruta alternativa pola que se poida acceder a estes datos. Por exemplo, escriba "sobre" ao escribir unha páxina sobre o seu sitio. Use unha ruta relativa e non engada a barra inclinada ou o alias de URL non funcionará.

Figura 2: Creación dun novo alias de URL.

Unha vez introducidos os valores desexados pulsamos no botón **Crear un novo alias**, neste momento o sistema comprobará se a ruta existe e devolverá un erro en caso de non existir.

É posible crear varios alias distintos para a mesma ruta, aínda que non tería moita utilidade. Tamén é posible crear varios alias iguais para distintas rutas, pero isto non ten sentido xa que non poderemos estar seguros de a cal de elas nos levará. Este tipo de repeticións teñen máis sentido se as facemos para distintos idiomas.

Bloques

Bloques

Os bloques son os elementos de Drupal que podemos colocar en diferentes rexións da nosa páxina web, por exemplo nas zonas laterais, e conteñen información de moi diferentes tipos: menús, imaxes, texto, enlaces, vídeos, etc...

Os bloques que aparecerán visibles na páxina web determinanse por plantillas ou temas de Drupal, así na plantilla por defecto da nosa web configuraremos os bloques que se verán na páxina principal, e se utilizamos outra plantilla distinta para algunha ruta en particular, como é a ruta admin para as páxinas de administración, ou outras que definamos, podemos facer visibles un conxunto de bloques distinto do correspondente á páxina principal.

Tipos de bloques

- Estáticos ou HTML: son os creados polos administradores para aloxar elementos fixos en código HTML (unha selección de enlaces, por exemplo). Creanse cun editor HTML de xeito similar a como se crean os contidos da web.
- Bloques de menú: Cando creamos un menú en Drupal, automaticamente créase un bloque de nome igual ao menú, que conterá os enlaces correspondentes aos elementos activos do menú.
- Bloques de vistas. As vistas de Drupal permiten a definición de visualizacións de tipo bloque. Estas visualizacións de tipo bloque convírtense nun bloque que amosa o resultado correspondente da vista.
- Bloques de módulo: Algúns módulos definen boques para facilitar o acceso á información, p.e. o bloque *calendario de eventos* do módulo *event*.

Acceso á configuración de bloques: Ruta: Administrar > Construción da páxina > Bloques




Figura 1: Configuración de bloques da plantilla Azul mariño

Lapela Lista

Ao acceder á Lista de Bloques, o primeiro con que nos atopamos é con enlaces aos temas/plantillas activas. Isto é así porque as diferentes configuracións

posibles dos Bloques están ligadas a cada tema/*plantilla* en particular coma se dixo antes. Isto significa que un mesmo *bloque*, por exemplo o *menú* de Deportes, pode estar activo para un tema en concreto pero non para outros. Por esta razón ás veces pasa que ao cambiar o aspecto visual da nosa páxina, é dicir, ao cambiar de tema ou *plantilla*, "pérdense" ou "desaparecen" algúns bloques. O que pasa é que eses bloques non estaban activos para o tema elixido. Debemos pinchar no enlace da *plantilla* para a que queremos ver ou modificar a configuración.

Neste formulario aparecen todos os bloques existentes no noso Drupal. Os bloques aparecen agrupados segundo a rexión na que están colocados, e ao final aparecen todos os que non están asignados a ningunha rexión da *plantilla* (bloques inactivos).

Atopamos tres columnas: Bloques, Rexión e Operacións.

- Bloques: nesta columna listanse os bloques dispoñíbles.
- Rexión: indícanos en que rexión da nosa páxina está dispoñíble actualmente o *Bloque*. Cada *plantilla* ten a súa propia definición de rexións pero as máis comúns e presentes na maioría das *plantillas* son:
 - barra lateral esquerda
 - barra lateral dereita
 - contido
 - encabezado
 - pé
- Drag to re-order: Dentro de cada rexión podemos definir en que orde aparecen os bloques, o control cunha cruz  sérvenos para poder posicionar verticalmente os bloques. Simplemente temos que picar e mover a cruz cara a rexión e posición na queamos colocar o bloque.
- Operacións: podemos acceder á configuración particular de cada *bloque* e/ou eliminalos no caso de ser un *bloque* estático.

Activación dos bloques

Cando queremos asignar un bloque inactivo a unha rexión do tema, ou cambiar de rexión un bloque, podemos simplemente collelo pola cruz (drag to re-order) e arrastralo ata a rexión e posición desexada, ou senón elixir a rexión de destino na lista desplegable que aparece la liña do módulo. Neste último caso o bloque irá o primeiro da rexión seleccionada, a continuación podemos reordenalo. Os bloques non se activan automaticamente cando se crean, debemos colocalos manualmente.



Figura 2: Activación dun bloque.

Cando activamos ou movemos un bloque, Drupal ponlle un asterisco á esquerda indicando que esa configuración está pendente de ser gardada. Debemos ter coidado de non entrar na configuración dun bloque se non temos gardada a asignación e ordenación de bloques activos por rexión, xa que nese caso a perderemos. Así antes de entrar na configuración dun bloque, se temos cambios pendentes, premeremos primeiro no botón *Gardar bloques*.

Para gardar a nova configuración de bloques activos debemos premer o botón **Gardar bloques** ao final do formulario. En moitas ocasións, cando activamos novos bloques, ao gardar esta configuración, non se conserva a ordenación definida; debemos volver a ordenalos e gardar de novo.

Configuración dos bloques

Premendo no enlace Configurar de cada bloque podemos configurar as seguintes características:

- Collapsible: configuración sobre a expansión do *bloque*. Estas opcións dependen de que esté activo o módulo Collapsi Block.
 - Collapsible, expanded by default: o *bloque* amósase expandido pero o usuario pode contraelo manualmente.
 - None: o *bloque* móstrase expandido e o usuario non ten opción de contraelo.
 - Collapsible, collapsed by default: o *bloque* amósase contraído pero o usuario pode expandilo manualmente.
- Título do *bloque*: este amósase na presentación do *bloque*. Non debemos confundir este nome, co que utiliza Drupal para identificar o *bloque* e sería o que aparece na lista. Para bloques non estáticos podemos deixalo en branco e o título virá da orixe do bloque, p.e. o nome do menú. Para bloques estáticos podemos poñer un título ou deixalo valeiro xa que non é necesario que os bloques teñan título



Figura 3: Título dun bloque.

- *Configuración personalizada da visibilidade*: permite aos usuarios personaliza a visibilidade deste *bloque* na configuración do perfil de usuario.

- **Mostra o bloque para roles específicos:** amosa este bloque só para os roles de usuario seleccionados. Se non selecciona ningún rol, o bloque é visible para todos os roles.

▼ Configuración da visibilidade por usuario

Configuración personalizada da visibilidade:

- ☒ Os usuarios non poden controlar se ven ou non este bloque.
- ☐ Amosar este bloque por defecto, pero permitir aos usuarios agochalo.
- ☐ Agochar este bloque por defecto, pero permitir aos usuarios amosalo.

Permitir aos usuarios personaliza-la visibilidade deste bloque na súa páxina de configuración da conta.

▼ Opcións de visibilidade específicas do rol.

Mostra o bloque para roles específicos:

- ☐ administrador
- ☐ anonymous user
- ☐ authenticated user
- ☐ novo rol profe
- ☐ profesorado

Mostrar este bloque só para os roles seleccionados. Se non selecciona ningún rol, o bloque é visible para todos os usuarios.

Figura 4: Opción de configuración dun bloque.

- **Amosar o bloque en certas páxinas:** configurando esta opción podemos decidir se o bloque se ve ou non en función da ruta da web que se estea a visitar en cada momento. Engadiremos as rutas de Drupal a partir da páxina principal da web, quitando o "?q=" no caso de que apareza (exemplo: na ruta "<http://www.edu.xunta.es/centros/websdinamicas/?q=node/588>" engadiríamos: "node/588" para referirnos a esa ruta en concreto). Tamén podemos facer referencias a rutas de foros (forum), taxonomías (taxonomy/term/##) e demais. O asterisco (*) funciona a modo de comodín, así se escribimos "node/*" a orde afectaría a todos os contidos. As ordes que podemos dar sobre as rutas que indiquemos son:
 - Amosar en todas as páxinas agás nas listadas: O bloque amosarase en todas as páxinas excepto naquelas que engadamos nesta configuración.
 - Amosar só nas páxinas listadas: O bloque só se amosará nas rutas que coincidan coas listadas.
 - Amósase se o código PHP devolve VERDADEIRO (modo PHP, só para expertos): habería que escribir un código PHP que devolva un valor booleano (recomendamos encarecidamente non utilizar esta opción).

▼ Configuración da visibilidade por páxina

Amosar o bloque en certas páxinas:

- ☒ Amosar en todas as páxinas excepto nas listadas.
- ☐ Amosar só nas páxinas listadas.
- ☐ Amósase se o código PHP devolve VERDADEIRO (modo PHP, só para expertos).

Páxinas:

Introduza unha páxina por liña das rutas de Drupal. O "*" é un carácter comodín. Se se escolleu o modo PHP, introduza o código PHP entre <?php ?>. Teña en conta que executar código PHP incorrecto pode destruír o sitio en Drupal.

Figura 5: Opcións de configuración dun bloque (2).

Lapela Engadir bloque

Bloques

[Lista](#) **Engadir bloque**

Use this page to create a new custom block. New blocks are disabled by default, and must be moved to a region on the [blocks administration page](#) to be visible. [\[máis axuda...\]](#)

▼ Axustes específicos do bloque

Descrición do bloque: *

Unha breve descrición do seu bloque. Emprégase na [páxina de resumo do bloque](#).

Título do bloque:

O título do bloque, tal coma se amosará ao usuario.




Figura 6: Creación dun novo bloque manual.

Empregaremos esta opción para xerar bloques estáticos. Os campos a cubrir son:

- Descrición do **bloque**: é o nome que se amosará na lista de bloques, non necesariamente o amosado unha vez configurada a presentación do mesmo.
- Título: E o título que aparecerá ao visualizar o bloque.
- Corpo: Editase igual que o corpo dun contido, así podemos utilizar o editor HTML, engadir enlaces, imaxes, etc. No caso da imaxes debemos ter en conta que os espazo de visualización do bloque pode ser reducido, así se imos colocar o bloque nunha barra lateral da plantilla, normalmente a imaxe non debería ocupar máis duns 175 píxeles de ancho.
- E os demais campos que vimos antes.

Unha vez gardado o **bloque** así xenerado aparecerá na lista dos bloques como **bloque** "desactivado". Todos os bloques engadidos así presentan dúas opcións "configurar" e "borrar".

Menús

Menús en Drupal

O sistema de menús en Drupal ten o obxectivo de facilitar o acceso ao contido e as diferentes partes da web mediante un conxunto de enlaces organizados en grupos. Chamaremos **menú** a un grupo de enlaces, e chamaremos **elemento de menú** a cada un destes enlaces. Estes elementos de menú ou enlaces tamén nos servirán para enlazar con páxinas e contidos fora da nosa web.

Menús especiais en Drupal.

En Drupal hai tres menús que veñen coa instalación básica. Drupal non permite eliminar estes menús pero si poderemos prescindir do seu uso se así o desexamos. Son os seguintes:

- **Menú de navegación.** Tamén podemos referirnos a el como menú de usuario. Normalmente visualízase só cando un usuario inicia sesión como usuario rexistrado na web. Aínda que tamén se pode habilitar para usuarios anónimos esto non adoita a ser útil. Contén, entre outros, elementos que dan acceso a:
 - ao perfil do usuario.
 - ao formulario de creación de contidos.
 - ás páxinas de administración.
 - ao enlace para pechar sesión.
- **Enlaces primarios (Primary links) e Enlaces secundarios (Secondary links).** Son dous menú especiais para os que a maioría das plantillas reservan un lugar para a súa visualización. Así logo na configuración das plantillas utilizadas na web activaremos ou non a visualización destes menús. Nestes dous menús podemos crear de xeito manual os enlaces (elementos de menú) que desexemos. Por exemplo, na configuración actual de novos sitios do proxecto Webs Dinámicas o menú de enlaces secundarios non se utiliza, e no menú de enlaces primarios temos os elementos que podemos ver na seguinte imaxe:

Inicio » Administrar » Construción do sitio » Menús

Primary links

Lista de elementos Engadir un elemento Editar menú

Para reordenar elementos de menú, tome un manexador de arrastrar-soltar baixo a columna de elementos. Lembre que os cambios non se gardarán mentres non faga clic no botón *Gardar configuración*.

Elemento do menú	Activado	Expandida	Operacións
+ Aula virtual	☒	☐	editar eliminar
+ Galería	☒	☐	editar eliminar
+ Mapa do sitio	☒	☐	editar restablecer
+ Portal educativo	☒	☐	editar eliminar
+ Correo EDU	☒	☐	editar eliminar
+ Webs dinámicas (desactivado)	☐	☐	editar eliminar
+ Recursos educativos	☒	☐	editar eliminar

Gardar a configuración

Figura 1: Elementos do menú *Enlaces primarios*.

Tipos de elementos de menú:

- **Elementos de menú estáticos ou manuais:** creados manualmente polo administrador para enlazar con algún contido ou parte da nosa web, ou máis habitualmente para enlazar cun recurso externo á nosa web. Distínguense porque na columna de *operacións* teremos o enlace *Eliminar* no formulario de configuración dos elementos dun menú (ver figura 3).
- **Elementos de menú dinámicos ou automáticos:** creados automaticamente polo núcleo de Drupal ou polos seus módulos. Por exemplo o módulo taxonomy_menu crea os elementos de menú correspondentes ao termos da taxonomía que está asociada co menú, que na imaxe anterior corresponde coa taxonomía *Departamentos*. Distínguense porque non teñen o enlace *Eliminar* na columna de *Operacións*, xa que a súa eliminación dependerá da configuración do módulo que os creou (ver figura 3).

Elementos de menú anidados:

Os elementos de menús poden ter á súa vez sub elementos formando así unha estrutura xerárquica. Así por exemplo se nunha taxonomía hai termos que teñen á súa vez sub-termos, esa mesma estrutura reflexarase no menú asociado coa taxonomía nos correspondentes elementos e sub-elementos de menú.

Administración de menús. Ruta: Administrar > Construción da páxina > Menús

Inicio » Administrar » Construción da páxina

Menús

Lista de menús Engadir menú Opcións

Os menús son unha colección de ligazóns (elementos de menú) usadas para navegar por unha páxina web. Os menús dispoñíbeis actualmente no seu sitio móstranse a seguir. Seleccione o menú desta lista para a xestión dos seus elementos de menú.

[máis axuda...]

Actividades
 Alumnado
 Biblioteca
 Cron
 Departamentos
Enlaces secundarios
 Secondary links are often used for pages like legal notices, contact details, and other secondary navigation items that play a lesser role than primary links.
Navigation
 The navigation menu is provided by Drupal and is the main interactive menu for any site. It is usually the only menu that contains personalized links for authenticated users, and is often not even visible to anonymous users.
O centro
 Pais/Naís
Primary links
 Primary links are often used at the theme layer to show the major sections of a site. A typical representation for primary links would be tabs along the top.
 Profesorado
 Revista escolar
 Suxerencias

Figura 2: Administración de menús.

Na figura anterior vemos o formulario de administración dos menús, que nos amosa en primeiro lugar a lista de menús existentes. Podemos ver aquí os tres dos que falamos antes: Navegación (Navigation), Enlaces primarios (Primary links) e Enlaces secundarios (Secondary links). Tamén temos as lapelas de *Engadir menú*, para a creación dun novo menú, e a de *Opcións* do sistema de menús, que describiremos máis adiante.

Configuración dun menú.

Se no formulario anterior prememos no nome dun menú, accederemos ao formulario de configuración dese menú, no que teremos tres lapelas:

- Lista de elementos. Na que poderemos ver e configurar os seus elementos de menú.
- Engadir elemento. Na que poderemos engadir un novo elemento ao menú.
- Editar menú. Na que poderemos modificar o nome do menú, a súa descrición e tamén eliminar o menú.

Inicio » Administrar » Construción da páxina » Menús

Departamentos **Menú**

Lista de elementos Engadir elemento Editar menú

Para reordenar elementos de menú, tome un manexador de arrastrar-soltar baixo elementos (ou grupo de elementos) á súa nova localización na lista. Lembre que no botón *Garda-la configuración* ó final da páxina.

Elemento do menú	Activado	Expandido	Operacións
✚ Educación física	☒	☒	editar
✚ Física e química	☒	☒	editar
✚ Historia	☒	☒	editar
✚ Linguas clásicas	☒	☒	editar
✚ Linguas estranxeiras	☒	☒	editar
✚ Matemáticas	☒	☒	editar
✚ Orientación	☒	☒	editar

Garda-la configuración

elementos de menú

Figura 3: Lista de elementos dun menú.

Nesta lapela de **Lista de elementos** poderemos realizar as seguintes **operacións**:

- Acceder ao destino do enlace. Premendo sobre o nome do elemento iremos á URL á que apunta.
- Activar ou desactivar o elemento. Na columna *Activo* podemos marcar se o elemento estará ou non activo. Os elementos non activos non aparecerán visibles no bloque correspondente.
- Expandir automaticamente o elemento. Marcando esta opción, se o menú ten a súa vez sub-elementos, aparecerá automaticamente expandido cando se visualice o bloque.
- Editar a configuración do elemento de menú. Premendo no enlace *Editar* accedemos a un formulario que nos permite modificar tódolos detalles da súa configuración:
 - Ruta. É o destino ao que nos leva o elemento de menú. So poderemos modificalo no caso dos elementos manuais.
 - Nome ou título.
 - Descrición.
 - Activado.
 - Expandido.
 - Elemento ascendente ou pai. Con este parámetro podemos mover o elemento de menú a outro menú distinto ou facer que sexa un sub-elemento de outro elemento de menú.
 - Peso. A ordenación dos elementos de menú depende do seu peso, así, a menor peso máis arriba aparecerá o elemento.
- Eliminar o elemento de menú. No caso de elementos manuais teremos o enlace *Eliminar* que nos permite eliminalo.
- Reestablecer o elemento de menú. Nalgúns casos, para elementos de menú creados automaticamente polo núcleo de Drupal ou por un módulo, teremos un enlace *reestablecer* que reestablece a configuración orixinal do elemento de menú. Por exemplo na figura 1 vemos o elemento *Mapa do sitio*, creado polo módulo *sitemap*.
- Reordenar os elementos de menú. Collendo os elementos polo icono en cruz e arrastrándolos hacia arriba e hacia abaixo podemos cambiar a orde na que aparecerán cando se visulicen no bloque correspondente.
- Cambiar o pai dun elemento. Se collemos un elemento polo icono en cruz e o arrastramos cara á dereita, faremos que pase a ser un sub-elemento do elemento que estaba xusto antes.

Creación dun novo menú.

Premendo na lapela **Engadir menú** accedemos ao formulario para introducir os datos dun novo menú.

Inicio » Administrar » Construción da páxina » Menús

Menús

Lista de menús Engadir menú Opcións

Introduza o nome do menú novo. Recorde activar o bloque novo que se crea na páxina de administración de bloques. [\[máis axuda...\]](#)

Nome do menú: *

O nome lexibel pola máquina deste menú. Este texto empregarase para construír a URL da páxina de resumo do menú deste menú. Este nome debe conter so minúsculas, números e trazos horizontais, e debe ser único.

Título: *

Descrición:

Gardar

Figura 4: Creación dun novo menú.

Para crear un novo menú hai que introducir os seguintes datos:

- Nome do menú (obligatorio): Este será o identificador do menú que Drupal utilizará de xeito interno. **Como vemos no formulario debaixo do cadro de texto, só se poden utilizar letras minúsculas, números e guións medios (-).** O valor introducido non debe existir xa. Non poderemos modificar este valor despois de crear o menú.
- Título ou nome (obligatorio): Este será o nome que veremos logo na lista de menús en Administrar > Construción do sitio > Menús, e tamén será o

nome do bloque que drupal creará automaticamente para este novo menú. Drupal permite que existan dous menús co mesmo título, pero non é recomendable xa que isto levaranos a confusión.

- Descrición (opcional): Podemos introducir unha descrición sobre este menú.

Unha vez creado o novo **menú**, automaticamente amósase o formulario coa lista de elementos do menu, que naturalmente estará baleira.

Figura 5: Menú recién creado.

Opcións de menú:

Na lapela **Opcións** na ruta *Administrar > Construción do sitio > Menú*, accedemos a un formulario donde podemos ver e modificar as opcións do sistema de menús en Drupal:

- Menú predeterminado para o contido: Cando creamos ou editamos un contido para a web temos a opción de que Drupal cree un elemento de menú que enlace con este contido. Nesta opción seleccionamos o menú no que por defecto iría ese elemento.
- Menú que contén ligazóns primarias: Aquí podemos seleccionar que menú dos existentes será o que se amose como *Enlaces primarios* na plantilla da web. Por defecto será o menú *Enlaces primarios (Primary links)* pero poderíamos elixir outro, así por exemplo poderíamos facer que aparecieran como enlaces primarios os elementos do menú correspondente a unha taxonomía.
- Menú que contén ligazóns secundarias: Igual que na opción anterior, aquí podemos seleccionar que menú dos existentes será o que se amose como *Enlaces secundarios* na plantilla da web. Por defecto será o menú *Enlaces secundarios (Secondary links)* pero poderíamos elixir outro, así por exemplo poderíamos facer que aparecieran como enlaces secundarios os elementos do menú correspondente a unha taxonomía.

Figura 6: Opcións do sistema de menús.

Menú de taxonomía

Menú de taxonomía

Neste documento explicamos os pasos a seguir para crear o menú que dea acceso a unha nova taxonomía que teñamos creado. Este é un dos procesos máis importantes do traballo do administrador da web, xa que fai que as taxonomías nas que se clasifica o contido da web aparezan na páxina principal como bloques que facilitan o acceso aos contidos. O proceso consite basicamente en crear un menú e asocialo coa taxonomía. Esta asociación faise a través do módulo taxonomy_menu, que ademais encargarase de mantela coherencia entre a estrutura de termos da taxonomía e a estrutura de elementos de menú do menú asociado.

Vexámolo en detalle:

- Supoñamos como exemplo que no noso sitio Drupal **creamos unha nova taxonomía** coa seguinte estrutura:
 - Vocabulario: **Deportes**
 - Termo 1: **Baloncesto**
 - Termo 2: **Balonmán**
 - Termo 3: **Tenis**
- O seguinte paso será **crear un novo menú** (Administrar > Construción da páxina > Menús > Engadir **menú**) cos seguintes datos:
 - Título: Igual ao vocabulario da taxonomía (neste exemplo **Deportes**). Isto non ten que ser así pero facilitará logo a asociación da taxonomía co menú.
 - Nome: Igual que o título pero cumprindo cos requisitos de utilizar so minúsculas, números e guións, neste caso sería **deportes**. Utilizaremos os guións para unilas palabras dun nome composto.
- Creado o novo menú Deportes, a aplicación sitúanos automaticamente na súa lista de elementos que estará baleira.
- Volvemos á administración das taxonomías (Administrar > Administración do contido > Taxonomía) e editamos o vocabulario **Deportes**.
- Baixamos ata atopar a sección **Taxonomy menu** e en **Menu location** seleccionamos o menú que acabamos de crear de nome **Deportes** (ver Figura 1).
- En **Opcións** desmarcamos o check **Add item for vocabulary**, o resto deixámolo como está e **gardamos**.

▼ Taxonomy menu

Menu location:
 <Deportes>
 The menu and parent under which to insert taxonomy menu items.

Menu path type:
 Por defecto
 The path will be taxonomy/term/tid if Default has been selected.
 The menu path will be passed through drupal_get_path_alias() function so all aliases will be applied.

▼ Opcións

☒ Synchronise changes to this vocabulary
 Every time a term is added/deleted/modified, the corresponding menu link will be altered too.

☐ Display number of items
 Display the number of items per taxonomy terms. Will not show up for vocabulary menu items.

☐ Hide empty terms
 Hide terms with no items attached to them.

☐ Add item for vocabulary
 Shows the vocabulary name as the top level menu item of the taxonomy menu.

☒ Auto expand menu items
 Automatically show all menu items as expanded.

Figura 1: Configuración do módulo taxonomy_menu para un vocabulario

Se volvemos agora á administración de menús e prememos no menú **Deportes** veremos que xa ten os elementos correspondentes aos termos do vocabulario.

Inicio » Administrar » Construción da páxina » Menús

Deportes

Lista de elementos Engadir elemento Editar menú

Para reordenar elementos de menú, tome un manexador de arrastrar-soltar baixo a columna do *Elemento de menú* e arrastre os elementos (ou grupo de elementos) á súa nova localización na lista. Lembre que os cambios non se gardarán mentres non faga clic no botón *Gardar configuración* ó final da páxina.

Elemento do menú	Activado	Expandido	Operacións
Baloncesto			



Figura 2: Menú da taxonomía.

Visualizar o menú na web.

Chegados a este punto xa temos a configuración do menú lista, pero este aínda non está visible na web. Como se dixo na documentación sobre os bloques, cando se crea un menú, Drupal automaticamente crea un bloque co mesmo nome do menú. Entón, para que o menú estea visible na web, só falta ir a configuración de bloques e activar este novo bloque para a plantilla coa que se visualiza a web.

Asignar permisos para a nova taxonomía.

Por último, se queremos asignar á nova taxonomía uns permisos de acceso distintos dos establecidos por defecto, debemos ir a *Administrar > Mantemento de usuarios > Taxonomy Access permissions* e editar cada un dos roles para establecer os permisos; **só se queremos que sexan distintos dos que temos marcados por defecto.**

Para saber máis sobre o módulo Taxonomy Access permissions ver o documento sobre o *Mantemento de usuarios* na súa páxina de *Permisos por taxonomías e roles*.

O novo menú aparece ao final da lista en **New** como indica a figura.




Figura 3: Permisos por taxonomía e rol.

Resumo dos pasos anteriores:

1. Crear unha **Taxonomía** co seu **Vocabulario** e os seus **Termos**.
2. Ir a **Menús** e crear un novo **Menú** que levará o **mesmo nome** que lle demos ao vocabulario.
3. Editamos este Vocabulario e substituímos o **Menu location** de **DISABLE** polo **Menú** creado no punto anterior.
4. Desactivamos o check de **Add item for vocabulary** para que non se repita posteriormente na páxina.
5. Damoslle os permisos necesarios en **taxonomy access permissions** para cada rol.
6. Só nos queda facer visible o **Bloque** correspondente **activándoo** no lugar desexado da plantilla.

Módulos

Módulos

Drupal defínese como un CMS (Content Management System) modular, ou o que é o mesmo, un Sistema de Xestión de Contidos modular. Estruturalmente a aplicación ten un núcleo (core) que é básico para que a aplicación funcione e a partir de ahí podemos ir engadindo diferentes módulos dependendo das funcionalidades que queremos que teña a nosa páxina web. Así, se imos utilizar o noso Drupal como unha plataforma de comercio electrónico instalaremos uns módulos diferentes que se o que queremos é que funcione como un portal de recollida de documentación, ou se desexamos crear un portal para un centro educativo. Cantos máis módulos activados máis funcionalidades vai ter a páxina pero isto non é sinónimo de calidade, ademais unha sobrecarga de módulos pode afectar negativamente á velocidade de resposta durante a navegación pola web do centro. No equilibrio está a clave do éxito.

Podemos facer a seguinte clasificación dos módulos:

- Módulos do núcleo de Drupal. Son os que trae o paquete de instalación de Drupal
 - Requeridos. Deben estar sempre activos para o funcionamento da web. Podemos velos no grupo **Core-requerido**, e son: Block, Filter, Node, System, User
 - Opcionais. Ofrecen funcionalidades do núcleo que non son obrigatorias. Podemos velos no grupo **Core-opcional**.
- Módulos contributivos. Son módulos desenvolvidos pola comunidade de Software Libre. Podemos intalar aqueles que desexemos.
- Módulos particulares e personalizados. No proxecto Webs Dinámicas temos algúns módulos desenvolvidos para tarefas concretas necesarias no proxecto, e tamén módulos contributivos adaptados ao proxecto.

Formulario de administración do módulos.

Ruta: Administrar > Construción da páxina > Módulos




Figura 1: Formulario de administración do módulos.

Dependencias entre módulos.

Os módulos agrúpanse en función da relación que existe entre eles, e en moitos casos cando descargamos un paquete para a instalación dun módulo en realidade estamos descargando varios módulos estreitamente relacionados entre si. Ademais entre os módulos existen dependencias, de xeito que un módulo pode precisar de outro para poder funcionar sendo entón necesario activar o segundo se queremos utilizar o primeiro. Por exemplo, na seguinte imaxe vemos como o módulo *Menu* é requerido polos módulos *Menu translation* e *Nice menus*, de xeito que para poder activar calquera de estes dous teremos que activar tamén o módulo *Menu*.




Figura 2: Dependencias entre módulos.

Instalación de novos módulos

Os módulos son elementos instalables adicionais ao núcleo de Drupal, desenvolvidos pola comunidade, que engaden funcións á nosa páxina. Na web de drupal.org pódense facer búsquedas dos módulos dispoñibles para Drupal. O Proxecto Webs Dinámicas está constantemente analizando novos módulos que engadir ás páxinas web dos centros e poder así ampliar a seguridade e funcionalidade dos espazos. Se nalgunha ocasión algún administrador cre que sería recomendable engadir algún módulo de Drupal ao conxunto xa instalado pode comunicalo enviando un correo electrónico a websdinamicas@edu.xunta.es indicando o módulo e tamén a xustificación de por que se considera que é de interese. Os responsables do proxecto analizarían a viabilidade do módulo e instalárase, ou rexeitarase, para tódolos centros de Galicia. É importante comprender que algúns módulos presentan incompatibilidades con outros.

Diagrama de estados dos módulos en Drupal.

Na seguinte imaxe podemos ver un diagrama sobre os distintos estados nos que pode estar un módulo, o que significa cada estado e como se pasa dun estado a outro.




Figura 3: Diagrama de estados dos módulos.

Administración dos módulos. Lapela *Lista*.

Na ruta de administración de módulos temos o listado de tódolos módulos instalados nos servidores que dan o servizo de Webs Dinámicas, e que os

administradores dos centros poden activar ou desactivar segundo as funcións que desexen utilizar na web do centro.

Na pestana *Lista* temos as seguintes columnas:

- **Activado.** É un cadro de marca que nos indica se o módulo está activo ou non e que tamén utilizaremos para activar ou desactivar módulos.
- **Nome.** Nome de módulo.
- **Versión.** Versión do módulo, que se divide en versión maior e versión menor separadas por un punto. A versión maior dun módulo sempre debe coincidir coa versión maior do núcleo de Drupal coa que estamos traballando, neste caso a versión 6. A versión menor serve para diferenciar distintas versións dun módulo dentro da mesma versión maior.
- **Descripción.** Aquí temos dúas partes, primeiro unha descripción da funcionalidade do módulo, e logo a lista de módulos que dependen da funcionalidade deste indicándonos se están ou non activos.

Activación de módulos.

Para activar ou habilitar un ou varios módulos marcaremos o cadro da columna *Activado* e pincharemos ao final do formulario no botón *Gardala Configuración*. Se algún dos módulos marcados require de algún outro que non o está, pedirásenos confirmación para activar tamén eses outros. Así non temos que preocuparnos das dependencias, xa o sistema as comproba por nos.

Moitos módulos precisan gardar información na base de datos para o seu funcionamento. Esta información pode consistir simplemente en valores de configuración que definen o seu funcionamento ou tamen en datos introducidos polos usuarios ou recopilados polo propio módulo. Cando se activa un módulo por primeira vez, ou se este foi desinstalado, dentro da web dun centro, créanse as estruturas de datos necesarias para gardar dita información.

Desactivación de módulos.

Para desactivar ou deshabilitar un ou varios módulos desmarcaremos o cadro da columna *Activado* e pincharemos ao final do formulario no botón *Gardala Configuración*. Se un módulo é requerido por outro que está activo o cadro de marca aparecerá deshabilitado e non poderemos desmarcarlo mentras no desactivemos primeiro os módulos que o están requirindo. Por exemplo, vendo a imaxe anterior das dependencias do módulo *Menu*, para poder desactivar este módulo deberemos primeiro deshabilitar o módulo *Nice menus*.

A desactivación dun módulo non provoca a perda da información gardada por ese módulo.

Desinstalación de módulos.

Na lapela **Desinstalar** do formulario de administración do módulos veremos a lista de módulos inactivos que ademais gardan algún tipo de información na base de datos.

Para desinstalar un módulo, marcaremos o cadro de marcha da columna *Desinstalar* e pincharemos no botón *Desinstalar*. Esta acción provoca que se elimine da base de datos toda a información relativa a este módulo, tanto a relativa a súa configuración como aos datos introducidos polos usuarios ou recopilados polo módulo.

Esta desinstalación elimina as estruturas de datos do módulo na base de datos da nosa web (cada centro do proxecto Webs Dinámicas ten a súa propia base de datos), pero non se eliminan os ficheiros do módulo no servidor (os ficheiros de instalación de drupal e dos módulos son compartidos por tódolos centros). Así poderemos activar de novo o módulo desinstalado, momento no que volverá a crear as estruturas de datos precisas para o seu funcionamento.

Módulos máis empregados polos centros do proxecto Webs Dinámicas:

Algúns dos módulos máis empregados polos centros no proxecto Webs Dinámicas son:

- **Image:** permite a utilización do tipo de contido Imaxe.
- **IMCE e IMCEWysiwygAPI bridge:** utilizámoslos para subir arquivos á web.
- **Collapsiblock:** Permite contraer ou expandir os bloques.
- **Comment:** Permite aos usuarios comentar e debater o contido publicado.
- **Event:** Permite crear contidos con data e hora de inicio e fin que quedarán marcados un calendario.
- **Notify:** permite manter informado ós usuarios das actualizacións da páxina a través do correo electrónico.
- **Nice Menús:** amosa os menús dun xeito máis dinámico.
- **Paging:** permite establecer, mediante unha liña de código no corpo dos documentos, saltos de páxina.
- **Printer, email and PDF version:** permite utilizar a "versión para imprimir", enviar por correo ou gardar como PDF os contidos.
- **Scheduler:** permite publicar ou despublicar contidos especificando as datas desexadas.
- **Site Map:** ofrece a posibilidade de ter un mapa do sitio. Moi interesante para ofrecer a sindicación ós contidos da nosa web por categorías.
- **SWF Tools:** Consunto de módulos que permiten a reprodución de ficheiros multimedia, principalmente vídeo flash e audio MP3.
- **Taxonomy Access Control:** permite establecer permisos aos diferentes roles sobre as taxonomías creadas.
- **Taxonomy Menú:** é o responsable de converter taxonomías (categorías) en menús.
- **Themekey:** Permite o uso de distintas plantillas ou temas Drupal en función da ruta visitada dentro da web do sitio. Especialmente utilizada para os blogs do centro.
- **Wysiwyg:** incorpora a barra de enriquecemento de texto que aparece cando creamos/editamos determinados campos de contido, por exemplo o Corpo.

- Webform: permite a elaboración de formularios para a recollida dinámica de información.

Temas ou plantillas

Temas ou plantillas.

Os temas ou plantillas, utilizaremos ambos termos indistintamente, son os compoñentes de Drupal que dan aspecto e estrutura física á web. No proxecto Webs Dinámicas contamos cun amplo conxunto de plantillas instaladas dispoñíbeis para usalas nas webs do centros. Ao igual que pasaba cos módulos hai algunhas que pertencen ao núcleo de Drupal e outras contributivas desenvolvidas pola comunidade de software libre, pero neste caso non existe unha diferenciación funcional entre unhas e outras.

En Drupal é posible configurar e utilizar a un tempo varias plantillas. Alomenos utilizaremos unha plantilla, que configuraremos como plantilla por defecto e na que activaremos os bloques que queramos ter visibles na web. Normalmente utilizaremos unha segunda plantilla para as páxinas de administración (ruta /admin) que se recomenda sexa a Bluemarine (Azul Mariño). Pero podemos activar e configurar un conxunto maior de plantillas para amosar distintas partes da web con distinto aspecto e contido ou para que cada usuario elixa a que desexe.

Para poder configurar unha plantilla debemos activala primeiro. Sen embargo, nalgúns casos é posible utilizar plantillas que non están activas.

Administración de plantillas ou temas.

Accedemos ao formulario de administración dos temas na ruta: *Administrar > Construción do sitio/páxina > Temas/Plantillas*.

Inicio > Administrar > Construcción da páxina

Plantillas

Lista Configurar

Non hai información dispoñíbel sobre as novas versións dos módulos e temas instalados. Para comprobar as actualizacións, debes [executar cron](#) ou realizar unha [comprobación manual](#). Ten en conta que comprobar as actualizacións dispoñíbeis pode tomar moito tempo, por favor ten paciencia.

Seleccione que temas estarán dispoñíbeis para os seus usuarios e defina o tema predeterminado. Para configurar os axustes de pantalla en todo o sitio, prema en «configurar» a tarefa correspondente. Como alternativa, para cambiar estas configuracións nun tema específico, prema na ligazón «configurar» de ese tema. Teña en conta que diferentes temas poden ter dispoñíbeis diferentes áreas para mostrar o contido, para manter a coherencia na presentación, pode ser que desexe activar un só tema.

Para cambiar a aparencia do sitio hai varias [plantillas](#) dispoñíbeis.

Mira a páxina de [actualizacións dispoñíbeis](#) para obter informacións dos módulos e temas instalados con novas versións liberadas.

Captura de pantalla	Nome	Versión	Activado	Por defecto	Operacións
	0 Point 0 Point theme is ideal for a wide range of sites. It has been optimized for e-commerce with Ubercart . <i>By Dr. Radut.</i>	6.x-1.24	☒	☐	configurar
	4 Seasons A clean 3 column, fixed width theme (960px).	6.x-2.0	☐	☐	configurar

Figura 1: Formulario de administración de plantillas.

Neste formulario temos dúas lapelas: **Lista**, co listado da plantillas instaladas; e **Configurar**, pola que accedemos a configuración das plantillas activas.

Lista de plantillas:

Na lapela Lista temos o listado das plantillas instaladas no servidor de Webs Dinámicas. Podemos ver os seus datos e realizar varias operacións:

- Captura de pantalla: Cada [plantilla](#) presenta unha captura de pantalla que da unha mostra do seu aspecto gráfico e da súa estrutura.
- Nome: Indica o nome da [Plantilla](#) e tamén unha descrición.
- Versión: Indica a versión. Igualmente cos módulos, as plantillas teñen un número de versión maior que debe coincidir coa versión maior do Drupal no que están instaladas, e dicir, non podemos instalar sobre Drupal 6 unha plantilla de Drupal 5 ou de Drupal 7; e un número de versión menor que nos serve para identificar a versión instalada e así poder buscar actualizacións.
- Activado: Aquí temos un *check* que nos indica se a plantilla está ou non activa e que nos serve ao mesmo tempo para activalas ou desactivalas. Así marcáremos este check para as plantillas que queremos activar e o desmarcáremos para as que queremos desactivar, logo gardamos a configuración no botón ao final do formulario e listo. A diferenza do módulos, neste caso non se crean nin destrúen estruturas de datos na base de datos pola activación ou desactivación das plantillas, ademais tampouco hai dependencias entre as plantillas.
- Por defecto: nesta columna temos un botón de selección para que o [administrador](#) decida cal de entre os temas Activados é o que se establece por defecto para a web. Esta será a plantilla coa que se amosará a páxina principal e o resto da web mentras non se aplique algunha regra que determine o uso de outra, como podería ser unha regra do módulo Themekey ou unha selección de plantilla no perfil do usuario, ou a entrada nas páxinas de administración.

- Operacións: na última columna, para as plantillas activas, aparecerá un enlace para acceder á configuración desa plantilla. Cada plantilla pode ter distintos parámetros de configuración.

Despois de facer calquera cambio neste formulario sobre o conxunto de plantillas activas ou sobre cal é a plantilla por defecto, debemos gardar a configuración premendo no botón **Gardar a configuración** ao final do formulario.

Configurar plantillas:

Temos dous tipos de configuracións:

- Configuracións globais. Na ruta *Administrar > Construción do sitio > Temas*, premendo na lapela **Configurar**, e logo en **Configuración global**, temos un formulario no que podemos configurar certos parámetros por defecto para tódalas plantillas activas. Así, si unha plantilla concreta non ten configurado un valor concreto para un destes parámetros, aplicáraselle o valor configurado nesta configuración global. Neste formulario temos as seguintes seccións con parámetros:
 - **Cambiar a visualización.** Permite marcar varios elementos que queramos se visualicen na plantilla. Normalmente marcaremos:
 - Logotipo.
 - Nome do sitio. O nome do sitio, o eslogan e a misión establécense en *Administrar > Configuración do sitio > Información do sitio*.
 - Caixa de búsqueda.
 - Icona de acceso rápido.
 - Enlaces primarios.
 - Encaces secundarios.
 - **Mostra información da entrada en.** Aquí seleccionamos para que tipos de contido se visualizará a información de *autor* e *data de envío*. A maioría das plantillas non ofrecen a posibilidade de facer unha configuración particular deste parámetro, polo que aplicarán esta configuración global (Ver figura 2).
 - **Configuración da imaxe de logotipo.** Permite cargar e establecer un logotipo por defecto. Normalmente esta configuración faise a nivel de plantilla. Máis adiante explícase con detalle como facelo.
 - **Opcións de iconos de acceso rápido (favicon).** O favicon e a imaxe que aparece na barra de dirección do navegador de Internet ao principio da URL da nosa web e que serve para identificar máis facilmente a nosa web no listado de historial do navegador. Debe ser unha imaxe en formato ICO, PNG ou GIF de 16x16 píxeles. Configúrase de xeito idéntico ao logotipo.
- Configuracións de plantilla. Para acceder á configuración particular dunha plantilla temos dúas opcións: ou ben no listado de plantillas pinchar no enlace *configurar* da plantilla concreta, ou ben, na lapela **Configurar** premer no enlace correspondente ao nome da plantilla particular. No formulario de configuración dunha plantilla particular teremos:
 - Os mesmos parámetros que na configuración global que acabamos de ver **excepto Mostra información de entrada en**.
 - Parámetros particulares desa plantilla concreta. Moitas plantillas non ofrecen parámetros de configuración adicionais, algunhas ofrecen distintos esquemas de cores ou distintos comportamentos no redimensionamento da ventana, etc. Un exemplo de plantilla con moitos parámetros de configuración é a 0-Point.




Figura 2: Configuración de información de envío por tipo de contido.

Configuración da imaxe do logotipo

Abordamos neste punto un tema que moitas veces trae de cabeza aos administradores das webs dos centros: O cambio de logotipo. É moi sinxelo aínda que que ten un pequeno truco. Ímolo ver con detalle.

Desde o formulario de configuracións globais ou no de configuración dunha plantilla concreta, podemos subir unha nova imaxe que desexemos empregar como logotipo da web, hai que ter en conta que na nosa web podemos utilizar varios temas distintos para distintas partes da web, así con esta configuración de logotipo por tema podemos ter logotipos distintos para zonas distintas da web.

Na páxina oficial do Proxecto Webs Dinámicas temos a imaxe corporativa da Consellería e é así como se envía nos centros recién creados. Cada centro pode

modificar esta imaxe pero deberá deixar visible o logo da Xunta nalgún lugar visible da súa páxina, se non é o logotipo pode ser nun bloque HTML ou simplemente no pé de páxina tal como xa vai por defecto. Este logotipo corporativo está na ruta *themes/logo.png* que sempre podemos volver a establecer sen necesidade de subir esta imaxe.

Para cambiar o logotipo seguiremos estes pasos:

1. O primeiro é loxicamente ter preparada a imaxe que queremos utilizar como logotipo en formato **JPG** ou **PNG**. Non se recomenda que o nome do ficheiro teña espazos en branco nin caracteres especiais.
2. Según vimos antes, imos ao **formulario de configuración da plantilla** para a que queremos cambiar o logotipo.
3. Na sección **Configuración da imaxe do logotipo**, prememos no botón **Examinar** e eleximos a imaxe de logotipo do noso computador.
4. Desmarcamos a opción *Usar o logotipo predefinido*, que visualizaría o logotipo propio da plantilla.
5. Prememos no botón de **Gardar a configuración** abaixo de todo.
6. O sistema sube entón o ficheiro ao directorio raíz do sitio, pero cámbialle o nome quedando co formato **TEMA_logo.EXT**, e dicir, se por exemplo o ficheiro que subimos é *flores.png*, e o tema no que o subimos é por exemplo *blumarine*, o sistema renomea o ficheiro subido por *blumarine_logo.png*
7. A ruta que garda o sistema para acceder ao logotipo e do xeito, */srv/hosting/home/CENTRO/drupal/files/TEMA_logo.EXT*. Debemos **modificar** esta ruta cambiando *'/srv/hosting/home/CENTRO/drupal'* por *'system'*, quedando así *system/files/TEMA_logo.EXT* tal e como se pode ver por exemplo na seguinte imaxe.
8. Gardamos de novo esta configuración e comprobamos que funciona.

Configuración da imaxe do logotipo

Se está activado, amósase o logo seguinte.

☐ Usa-lo logotipo por defecto
Marca esta casilla se queres que o tema use o seu propio logotipo.

Ruta ó logotipo personalizado:
system/files/blumarine_logo.jpg

A ruta ó ficheiro que queres usar como logotipo en lugar do logotipo por defecto.

Subir imaxe de logotipo:

Si non ten acceso directo ó servidor, utilice este campo para cargar o logo

Examinar...

Figura 3: Configuración dun novo logotipo.

Vistas

Introdución

Este é un manual básico sobre a creación de Vistas en Drupal 6.

Comencemos por tentar explicar o concepto de Vista. Este concepto ven da teoría de bases de datos, nas que o seu nivel externo componse de vistas que podemos definir como porcións dos datos que hai na base de datos, é dicir, subconxuntos de datos contidos na base de datos, seleccionados según algún criterio e amosados dun xeito particular.

Así no caso de Drupal, unha vista será un subconxunto dos datos que hai nunha web implementada con Drupal, seleccionados según algún criterio e amosados dun xeito particular. Simplificando o problema poderíamos dicir que os datos que se gardan nunha web Drupal son os contidos que se suben a esa web, e polo tanto unha vista da web sería un subconxunto deses contidos seleccionados según algún criterio e amosados dun xeito particular. Outros datos que podemos ter na web son os usuarios, para os que tamén se poderían crear vistas.

Exemplos de vistas que poderíamos crear son: contidos publicados en certo termo ou termos de taxonomía; contidos dun determinado tipo de contido; contidos creados entre dúas datas; contidos creados por certo usuario; etc. Pode haber moitos criterios de selección de contidos que se poden utilizar individualmente ou combinados.

A instalación de Drupal ofrece por defecto unha serie de vistas predefinidas que podemos activar e usar tal e como están ou modificalas para adaptalas ás nosas necesidades. Algunhas das vistas que ofrece Drupal por defecto son:

- *tracker*: Permite seleccionar os últimos contidos creados na web
- *archive*: Permite ver os contidos da web agrupados por mes de creación
- *frontpage*: Devolve os contidos que hai na páxina principal da web ofrecéndonos a posibilidade de personalizar o xeito de visualizalos.

Para poder utilizar o sistema de Vistas de Drupal 6 deberemos activar algúns dos seguintes módulos do grupo Vistas, que podemos ver accedendo a *Administrar >> Construción do sitio >> Módulos* (os dous módulos necesarios xa veñen activos por defecto na configuración do Drupal de Webs Dinámicas):

- Views: É o módulo que implementa o núcleo do sistema de vistas e polo tanto é necesario para traballar con elas.
- Views UI: (UI ven de User Interface). Implementa a interfaz para poder crear e administrar as vistas. Sen el as vistas existentes funcionarían pero non poderíamos modificalas nin crear outras novas.
- Tagadelic Views: Crea unha vista para poder ver as etiquetas dos contidos.
- Views Exporter: Permite que se exporten varias vistas a un tempo.
- Views Bulk Operation: Permite executar operacións de administración de contido (p.e. quitar da páxina principal) sobre os contidos devoltos por unha vista concreta.

O módulo de vistas incorpora unha axuda avanzada que poderemos ver se activamos o módulo **Advanced help** que está no grupo **Outros** en *Administrar >> Construción do sitio >> Módulos*. Con este módulo activo teremos no formulario de administración de Vistas un enlace á documentación avanzada do módulo.

Administración das vistas

Na ruta *Administrar >> Construción do sitio >> Vistas* accedemos ao formulario de administración de vistas no que atopamos as catro lapelas seguintes:



Figura 1: Formulario de administración de vistas.

- **Lista**. Veremos aquí todas as vistas que hai na nosa web de Drupal. Cada unha delas pode estar activa ou inactiva. As vistas que estean inactivas aparecerán nun tono clariño e terán un enlace **Activar** á súa dereita. As vistas que estean activas terán á súa dereita os enlaces:
 - **Editar**: Abre o formulario para modificar as características da vista.
 - **Exportar**: Xera un código coas características da vista que se pode utilizar para logo importar a vista en outra web.
 - **Clonar**: Permite crear unha copia da vista. Logo poderemos modificar esta copia para ter unha versión distinta da orixinal. Veremos máis adiante este procedemento.
 - **Borrar**: Elimina a vista.
- **Engadir**. Aquí temos o formulario para iniciar a creación dunha nova vista manualmente paso a paso. Verémolo máis a diante.
- **Importar**. Permite crear unha nova vista mediante a importación do código de outra.
- **Ferramentas**. Permite realizar varias operacións sobre as vistas, como son: Limpar a memoria caché das vistas; modificar certas variables que regulan o funcionamento das vistas; e converter vistas de versións anteriores do módulo de vistas de Drupal.

Creación dunha nova vista

Hai varios xeitos de crear unha nova vista, que son:

- **Manualmente** paso a paso. Deberemos definir cada unha das características da vista. Practicaremos este método a continuación.
- **Importando** o código de outra vista previamente exportada. Este método pode servir para crear nunha web unha vista que xa temos creada en outra web. Aquí hai que ter en conta a compatibilidade entre as versións de Drupal e do módulo de Vistas entre as webs de orixen e destino.
- **Clonando** unha vista das existentes na mesma web. Con este método creamos unha copia dunha das vistas que xa temos para logo modificala. Para poder clonar unha vista esta debe estar activa, entón, na lapela de Lista de vistas, terá un enlace Clonar que iniciará o proceso de clonación. Veremos este método máis adiante neste manual.

Creación manual dunha vista

Imos describir aquí como fariamos para crear unha vista manualmente paso a paso. Veremos como configurar as características básicas dunha vista pero non entraremos e características máis avanzadas que non utilizaremos na maioría dos casos. Como exemplo para ilustrar este proceso crearemos unha vista para ver os contidos de tipo Evento.

1º Paso. Creamos manualmente a vista:

1. Pinchamos na lapela Engadir e enchemos os seguintes datos:
 - **Nome** da vista: * (campo obligatorio) Este nome pode estar composto por letras, números e guións baixos, non se permiten espazos en branco. Recoméndase non utilizar letras maiúsculas nes tils. Este nome non se debe repetir, e dicir, non pode haber dúas vistas co mesmo nome. Para o noso exemplo utilizaremos o nome **eventos**.
 - **Human readable name:** (que podemos traducir por Título). Será equivalente ao anterior pero máis claro. No noso exemplo podemos poñer: **Contidos de tipo evento**.
 - **Descrición:** Aquí podemos introducir unha aclaración máis extensa sobre o que ofrecerá esta vista. No noso exemplo podemos poñer: **Contidos de tipo evento ordeados por data de actualización**.
2. Eleximos a entidade principal sobre a que imos a seleccionar elementos:
 - Debaixo da etiqueta *Ver tipo*, temos unha lista coas entidades que poden ser o obxecto principal da vista, e dicir, que tipo de datos son os que queremos amosar con esta vista. Temos as seguintes: Nodo (ou Contido), Comentarios, Ficheiros, Locale Source (cadeas de texto do sistema de tradución da interfaz de Drupal), Módulos e Tems, Revisións de contidos, Termos, e Usuarios. Aquí vemos que cunha vista non só podemos amosar contidos da web, senón algunhas cousas máis.
 - No noso exemplo eleximos a entidade **Nodo**.
3. Pinchamos no botón **Seguinte**.

Vexamos na imaxe como quedou o formulario:

Figura 2: Formulario de creación manual dunha vista.

2º Paso. Configuración dos parámetros predeterminados da vista:

Despois de darlle ao botón seguinte pasamos automaticamente ao formulario de edición da vista. Este formulario é o mesmo que teremos para editar unha vista xa existente. Este formulario é complexo pero non veremos tódolos seus apartados.

Inicio » Administrar » Construción do sitio » Vistas

Editar vista eventos

Lista Engadir Editar Importar Ferramentas

Vista eventos, amosando elementos do tipo Nodo. [Exportar](#) [Clonar](#) [Nova vista](#)

Predeterminados Axustes predeterminados para esta vista.

Páxina ▼

Engadir unha visualización

Reordenar

Analizar

Configuración da vista

Human name: **Contidos de tipo evento**

Etiqueta: **Ninguno**

Descrición: **Contidos de tipo evento ordeados pola data de comenzo**

Axustes básicos

Nome: **Predeterminados**

Comentario: **No comment**

Título: **Ninguno**

Display status: **Activado**

Usar paxinador: **Paged, 10 items**

Ligazón máis: **Non**

Acceso: **Sen restricións**

Link display: **Ninguno**

Configuración avanzada

Usar AJAX: **Non**

Encabezado + ↑↓

Ningún definido

Pé + ↑↓

Ningún definido

Texto baleiro + ↑↓

Ningún definido

Campos + ↑↓

Ningún definido

Relacións + ↑↓

Ningún definido

Argumentos + ↑↓

Ningún definido

Criterio de ordenación + ↑↓

Ningún definido

Filtros + ↑↓

Ningún definido

Figura 3: Formulario de edición dunha vista.

Toda vista ten un conxunto de parámetros que chamamos *Predeterminados* e que compoñen a base sobre a que logo crearanse distintas visualizacións para os datos que devolve a vista. Débese observar que este formulario de edición dunha vista vai constar de varias lapelas situadas no lateral esquerdo, de arriba a abaixo. A primeira lapela que teremos sempre será a dos parámetros **Predeterminados (Defaults)**. Logo veremos como son as outras.

Coma se ve na figura anterior neste formulario temos moitas seccións, como son: Configuración da vista, Axustes básicos, Configuración avanzada, Encabezado, Pé, etc. Polo momento imos ver como configurar o básico para definir que datos imos seleccionar (Filtros), como os imos ordear (Criterio de ordenación), e que propiedades deses datos imos amosar (Campos.)

- **Filtros.** Para definir os criterios cos que seleccionar os contidos que se visualizarán con esta vista temos que engadir filtros. No noso exemplo bastará un filtro que seleccione os contidos de tipo Evento.
 - Para engadir un filtro pinchamos no + que hay á dereita do bloque de Filtros.
 - Para o noso exemplo o filtro que precisamos podemos expresalo coma unha igualdade: **Tipo de Nodo = Evento**
 - Neste formulario de edición dunha vista, cando pinchamos nun botón + para engadir un parámetro, ou cando pinchamos nun parámetro xa existente para modificalo, na parte inferior deste formulario aparecerá unha nova sección para a definición dese parámetro.
 - Para o noso exemplo elexiremos **Nodo** no desplegable **Grupos**, marcaremos **Nodo: Tipo** e pinchamos no botón **Engadir**. Ata aquí temos a parte esquerda da igualdade anterior:

Predeterminados: Engadir filtros

Grupos:

Nodo ▼

☐ Current user has Taxonomy Access Control create permission.

☐ Nodo: Taxonomy Access: grant delete

☐ Current user has Taxonomy Access Control delete permission.

☐ Nodo: Taxonomy Access: grant list

☐ Current user has Taxonomy Access Control list permission.

☐ Nodo: Taxonomy Access: grant update

☐ Current user has Taxonomy Access Control update permission.

☐ Nodo: Taxonomy Access: grant view

☐ Current user has Taxonomy Access Control view permission.

☐ Nodo: Ten novo contido

☐ Amosar so os nodos que teñan contido novo.

☒ **Nodo: Tipo**

☐ O tipo dun nodo (por exemplo, "entrada do blog", "publicación do foro", "historia", etc).

☐ **Nodo: Título**

☐ O título do nodo.

☐ **Nodo: Updated/commented date**

☐ The most recent of last comment posted or node updated time.

☐ **Nodo: User has a revision**

☐ All nodes where a certain user has a revision

Engadir Cancelar

Figura 4: Engadir un filtro (1).

- Logo de pinchar en Engadir teremos un novo formulario para definir a parte á dereita da igualdade anterior, no que elegiremos o operador **É un de**, e o Tipo de nodo **Evento**. E pinchamos no botón **Actualizar**.

Predeterminados: Configurar filtro Nodo: Tipo

O tipo dun nodo (por exemplo, "entrada do blog", "publicación do foro", "historia", etc).

Título Administrativo:

Este título amosarase na páxina de edición de vistas en lugar do predefinido. Isto pode ser útil se ten o mesmo elemento dúas veces.

Este elemento non está actualmente exposto. Se o **expós**, os usuario poderán cambiar o filtro na vista.

Operador:

☒ É un de
☐ Non é un de

Tipo de nodo:

☐ Artigo do blogue
☒ Evento
☐ Historia
☐ Imaxe
☐ Páxina
☐ Páxina de libro
☐ Webform

Actualizar Cancelar Quitar

Figura 5: Engadir un filtro (2)

- Así xa temos creado o filtro que precisamos para este exemplo:

Filtros

Nodo: Tipo = Evento

Figura 6: Filtro engadido

- **Campos.** Imos agora a definir que campos ou datos dos contidos seleccionados se amosarán nesta vista. Os contidos teñen moitos campos, pero os primeiros nos que pensaríamos poderían ser o título, o corpo, a data de creación, a data de modificación, o tipo de contido, o usuario que o creou, etc. No caso do noso exemplo imos visualizar tres campos nesta vista: o título, a data de modificación, e o usuario que o creou. Seguimos estes pasos:
 - No bloque de Campos dos parámetros predeterminados da vista pinchamos no botón **+** para engadir un campo, e cubrimos o formulario inferior: Elegimos **Grupos** igual a **Nodo**, marcamos **Nodo: Título**, e pinchamos no botón **Engadir**.

Predeterminados: Engadir campos

Grupos:

Nodo

☐ O número de novos comentarios do nodo.
 Nodo: Pegañoso
 Se o nodo é pegañoso ou non.

☐ Nodo: Promocionado á páxina principal
 Whether or not the node is promoted to the front page.

☐ Nodo: Publicado
 Whether or not the node is published.

☐ Nodo: Resumo
 The stored teaser field. This may not be valid or useful data on all node types.

☐ Nodo: Ruta
 O alias da ruta a este nodo.

☐ Nodo: Ten novo contido
 Show a marker if the node has new or updated content.

☐ Nodo: Tipo
 O tipo dun nodo (por exemplo, "entrada do blog", "publicación do foro", "historia", etc).

☒ **Nodo: Título**
 O título do nodo.

☐ Nodo: Updated/commented date
 The most recent of last comment posted or node updated time.

Engadir Cancelar

Figura 7: Engadir campo

- Entón pasamos a un segundo formulario de configuración do campo donde podemos modificar moitos parámetros pero nos imos a fixarnos so en dúas cousas pero que non imos modificar neste caso:

- Etiqueta = Título

Etiqueta:

The label for this field that will be displayed to end users if the style requires it.

- Liga este campo a este nodo = Si. O que quere dicir que o título será un enlace que abrirá o contido, coma normalmente pasa na web.

☒ Liga este campo a este nodo
 Esto sobrescribirá calquer outro enlace que teña establecido.

Actualizar Cancelar Quitar

- Pinchamos no botón **Actualizar**.

- Aínda que non acabamos de configurar os parámetros predeterminados da vista, é bo momento para gardar o traballo que levamos feito, é dicir, gardar a vista tal e como a temos neste momento. É moi importante facer isto cada vez que engadimos ou modificamos un parámetro, xa que isto non se garda realmente mentras non se garda a vista. Para gardar a vista pincharemos no botón **Gardar** que aparece na parte inferior esquerda do formulario e edición da vista:

tema: **Información**

Formulario exposto

Estilo do formulario exposto: **Básico** 

Gardar Cancelar

Figura 7: Gardar a vista

- Seguimos engadindo os campos. Igual que fixemos co campo Título engadiremos o campo **Nodo: Data de actualización** (con Etiqueta = Data, e formato curto), e o campo **Usuario: Nome** (con Etiqueta = Autor, e sen ligar este campo ao usuario).
- Agora podemos reordenar estes tres campos para que queden nesta orde: Autor, Data, Título. Para facelo pincharemos no botón que hai no bloque de Campos á dereita do botón + e que ten dúas frechiñas. No formulario que sae abaixo reordenamos os campos pinchando e arrastrando sobre a cruz. E pinchamos en **Actualizar**.

Predeterminados: Reordenar campos

+	Usuario/a: Nome Autor*	
+	Nodo: Data de actualización Data*	
+	Nodo: Título Título	

Actualizar Cancelar

Figura 8: Ordenar os campos

- Podemos gardar de novo a vista.
- **Criterio de ordenación.** Imos agora a ver como podemos establecer o criterio de ordenación para o conxunto de contidos que nos vai devolver esta vista. Para o noso exemplo o criterio sería a data de actualización en orde descendente, e dicir, primeiro o máis recente.
 - No bloque de Criterio de ordenación engadimos un criterio pinchando no botón +
 - Marcamos o campo **Nodo: Data de actualización** e pinchamos no botón **Engadir**.
 - Pídenos agora o sentido da ordenación (eleximos **Descendente**) e a granularidade (eleximos **Minuto**), e pinchamos en **Actualizar**.

Figura 9: Configurar criterio de ordenación

- ■ Xa temos rematados os parámetros predeterminados da vista, así que antes de comezar coas visualizacións, gardamos de novo a vista.
- Existe a posibilidade de **limitar o número de elementos** que devolve a vista a un valor concreto. Por exemplo na nosa vista imos limitar a 6 o número de contidos de tipo evento que amosará. Para facer isto, na lapela de valores **predeterminados** imos á sección de **Axustes básicos** e editamos o parámetro **Usar paxinador**:

Figura 10: Editamos o paxinador

- ■ Eleximos a opción *Amosar un número específico de elementos*. Pinchamos en actualizar:

Figura 11: Amosar un número específico de elementos

- ■ E introducimos o valor desexado. Pinchamos en actualizar, e gardamos a vista.

Figura 12: Introducimos o valor para o paxinador

3º Paso. Configuración da visualización de tipo páxina para a vista.

Ata o de agora, cos parámetros predeterminados, definimos a base da vista, ou poderíamos dicir que definimos o que queríamos ver con ela, pero non definimos como o queríamos ver.

Ademais dos parámetros predeterminados, para unha vista temos que definir como imos ver o resultado da mesma. Temos principalmente dúas formas de visualizar o que nos devolve a vista:

- En forma de **Páxina**. Neste caso, o conxunto de elementos (p.e. contidos) que devolve a vista será visualizado na zona de contido da web, é dicir, donde se ven os contidos da páxina principal ou dun termo de taxonomía calquera.
- En forma de **Bloque**. Neste caso, para a vista xerarase un bloque que poderemos colocar nunha rexión da plantilla (p.e. un lateral) e o contido do bloque será o resultado da vista.

Imos engadir e configurar unha visualización de tipo páxina para a nosa vista de exemplo. Seguimos estes pasos:

- Engadimos unha visualización tipo páxina. Para elo, no formulario de edición da vista **Eventos**, na parte superior esquerda debaixo da lapela *Predeterminados*, temos un desplegable con catro valores: Anexo, Bloque, Orixe, Páxina. Seleccionamos **Páxina** e pinchamos no botón **Engadir unha visualización**.




Figura 13: Engadir visualización tipo Páxina

- Vemos agora que temos unha nova lapela lateral **Páxina** debaixo de **Predeterminados**. Debemos asegurarnos de que estamos nela pinchando na mesma.
- Vemos que este formulario é moi parecido ao que tiñamos antes en Predeterminados. Ademais os bloques Campos, Criterio de ordenación e Filtros conteñen os mesmos parámetros que tiñamos definido anteriormente como predeterminados, pero aparecen en letra *cursiva*. O que pasa é que os parámetros predeterminados sempre son herdados polas visualizacións que engadamos á vista. Que aparezan en letra *cursiva* quere dicir que non os temos modificado, que están tal e como se herdaron dos predeterminados. No momento en que modifiquemos algún destes parámetros herdados deixará de estar en cursiva indicando que xa é un parámetro independente do predeterminado.
- O primeiro que debemos definir para esta visualización de Páxina, é a ruta (URL) de acceso á mesma, e dicir, que palabra engadiremos á URL da páxina principal da web para acceder a esta vista. No formulario de edición da vista, na lapela Páxina, no bloque Axustes da páxina temos dous parámetros: Ruta e Menú. Imos definir os dous:
 - **Ruta**. Pinchamos en Ruta: **Ninguno** e no formulario que aparece debaixo, engadimos para o noso exemplo a palabra *eventos* á URL da nosa web. Pinchamos en actualizar.




Figura 14: Definir a ruta de acceso á vista

- **Menú**. Se queremos ter un elemento de menú co que acceder á vista, sen necesidade de ter que escribir a ruta anterior na barra de dirección do navegador, podemos engadilo aquí definindo un título para o enlace e elixindo un menú no que engadir este enlace. No noso caso imos engadilo no menú de navegación pero podería ir en calquera outro. Así pinchamos en Menú: **Sen menú**, e no formulario de abaixo elegimos Tipo=**Entrada normal no menú**, introducimos o título **Eventos** e elegimos o menú **Navigation**. Pinchamos en **Actualizar**.

Figura 15: Definir un menú de acceso á vista

- Neste momento podemos gardar a vista. Se todo é correcto xa veremos no menú de navegación que temos un enlace **Eventos**, e se pinchamos nel imos á ruta */eventos* e xa podemos comprobar o resultado da vista. O que nos falta agora e mellorar a visualización do resultado da vista. Se non hai ningún contido de tipo Evento na web non poderemos comprobar o resultado, convén crear algún contido de proba de tipo Evento para poder probar o funcionamento da vista.
- Antes de mellorar a visualización destes datos, imos facer uns cambios nos campos que temos definidos na vista, pero estes cambios non os facemos nos parámetros predeterminados senón na visualización de Páxina:
 - Engadimos un campo máis, que será o campo **Nodo: Resumo**. Xa vimos anteriormente como se engade un campo. Este campo non aparecerá en letra cursiva por que non é herdado.
 - Reordenamos estes catro campos para que queden nesta orde: Título, Autor, Data, Resumo.
 - Editamos a configuración de cada un destes campos e eliminamos a etiqueta. Para gardar o cambio pinchamos no botón Update and override.
 - Despois de modificar todos os campos estes xa non aparecen en letra cursiva
- Cando nunha visualización da vista modificamos un elemento que estaba herdado dos parámetros predeterminados, ao final do seu formulario de edición teremos os seguintes botóns que explicamos:




Figura 16: Botóns da herdanza

- **Update and override.** Significa que deixamos de usar o parámetro predeterminado e creamos unha copia do mesmo na visualización na que estamos, cos valores introducidos nese formulario, rompendo así o vínculo co parámetro predeterminado herdado. Así este parámetro xa non é herdado dos predeterminados, é un parámetro novo cos seus propios valores.
- **Actualizar a visualización predeterminada.** Significa que cos valores que temos introducidos para o parámetro neste formulario actualizamos o parámetro predeterminado que estamos herdando e esta herdanza continua a utilizarse.
- Ademais, imos cambiar tamén o formato de visualización dos contidos nesta visualización de tipo páxina, para que saían nunha grella de dúas columnas (táboa de n filas x m columnas sen encabezados cun contido en cada celda). Na la pela da visualización de páxina, na sección de Configuración do estilo, editamos o parámetro Estilo:
 - Eleximos o formato Grella:




Figura 17: Estilo Grella

- E introducimos o número do columnas:




Figura 18: Grella de dúas columnas

- Gardamos a vista.

4º Paso. Configuración da visualización de tipo bloque para a vista.

Como dixemos anteriormente, ademais de ver o resultado da vista con formato de páxina, podemos velo coma un bloque que poderemos visualizar nunha rexión da plantilla da web. Como o espazo dispoñible dentro dun bloque é normalmente redicido, debemos adaptar a esta circunstancia os datos da vista se visualizan.

Así que imos crear e configurar unha visualización de tipo bloque para a nosa vista de exemplo e logo colocaremos o bloque correspondente nunha rexión da plantilla. Seguiremos estes pasos:

- Engadimos unha visualización tipo Bloque. Para elo, no formulario de edición da vista **Eventos**, na parte superior esquerda debaixo da lapela *Predeterminados*, temos un desplegable con catro valores: Anexo, Bloque, Orixe, Páxina. Seleccionamos **Bloque** e pinchamos no botón **Engadir unha visualización**.



Figura 19: Engadir visualización de tipo Bloque

- Vemos agora que temos unha nova lapa lateral **Bloque** debaixo de **Predeterminados**. Debemos asegurarnos de que estamos nela pinchando na mesma.
- Vemos que este formulario é moi parecido ao que tiñamos antes en Predeterminados. Ademais os bloques Campos, Criterio de ordenación e Filtros conteñen os mesmos parámetros que tiñamos definido anteriormente como predeterminados, pero aparecen en letra *cursiva*. O que pasa é que os parámetros predeterminados sempre son herdados polas visualizacións que engadamos á vista. Que aparezan en letra *cursiva* quere dicir que non os temos modificado, que están tal e como se herdaron dos predeterminados. No momento en que modifiquemos algún destes parámetros herdados deixará de estar en cursiva indicando que xa é un parámetro independente do predeterminado.
- A diferenza das visualizacións de tipo páxina, nas de tipo bloque non se define unha ruta de acceso, xa que estes bloques serán visibles sempre que estén activos nunha rexión da plantilla coa que se estea a visualizar a web.
- Para o noso exemplo de vista, imos deixar visible no bloque só o título e a data dos contidos visualizados, polo tanto eliminaremos o campos **Usuario/a:Nome** e **Nodo:Resumo**. Para eliminar un campo pinchamos nel e logo no formulario que aparece abaixo pinchamos no botón **Quitar**.



Figura 20: Eliminar campo

- Do mesmo xeito eliminamos tamén o campo **Nodo:Resumo**.
- Imos ademais modificar o campo **Nodo: Data de actualización** para que indique o tempo que pasou desde que se modificou o contido. Para elo pinchamos no campo e logo cambiamos o formato de data ao valor **Tempo que pasou**, e pinchamos no botón **Update and override**. Ás veces este cambio non se aplica "á primeira", nese caso o facemos de novo.




Figura 21: Modificamos o formato de data.

- Para estes dous campos que quedan na visualización de bloque, eliminámoslles a etiqueta (Data, Título).
- Cambiamos tamén a orde destes dous campos para que apareza o título primeiro.
- Ademais cambiamos o formato de visualización do contido do bloque para que sexa en forma de táboa. Para elo, no bloque **Configuración do estilo** pinchamos no parámetro **Estilo:Sen formato**, Eleximos **Táboa** e pinchamos en **Actualizar**:

Configuración do estilo

Estilo: Sen formato

Estilo de fila: Campos

Clase CSS: Ninguno

Tema: Información

Formulario exposto

Estilo do formulario exposto: Básico

?

Predeterminados: Cal debe ser o estilo desta

☐ Gallery

☐ Grella

☐ Lista HTML

☐ Sen formato

☒ Táboa

Se o estilo elexido ten opcións, asegúrese de facer click no bo

You may also adjust the **opcións** for the currently se

Actualizar

Cancelar

Figura 22: Estilo de táboa para o bloque

- No formulario seguinte de configuración deste estilo de táboa non cambiamos nada xa que non queremos que os datos se podan ordenar por outro criterio por petición do usuario, e que se respecte a orde que ven da configuración da vista. Pinchamos en **Actualizar**:

?

Predeterminados: Opcións de estilo

Colocar campos en columnas. Pode combinar varios campos na mesma columna. Se o fai, o separador na columna espec

Marque a casilla de ordeable para que a columna sexa ordeable por un click de rato e escolla a opción de orden predeterm

orde en principio (se o hai). Pode controlar a orde das columnas e as etiquetas de campo na sección de campos.

Campo	Columna	Aliñar	Separador	Ordenable	Orde predeterminada	Ordenación predetermi
Data	Data	Ninguno		☐		☐
Título	Título	Ninguno		☐		☐
Ninguno						☒

Campo agrupado:

- Ningún -

Opcionalmente pode especificar un campo polo que agrupar os rexistros. Deixar valeiro para non agrupar.

Row class:

The class to provide on each row. You may use field tokens from as per the "Replacement patterns" used in "Rewrite the output of this field"

☒ Sobrescribir o ordeamento normal se usa a ordeación mediante clicks.

☐ Activar encabezamentos de táboas fixos na cabeza das listas de Drupal (JavaScript).

(Os efectos do encabezamento fixo na cabeza das listas non estarán activos na vista previa de máis abaixo, pero sí na presentación final)

Table summary:

This value will be displayed as table-summary attribute in the html. Set this for better accessibility of your site.

☐ Amosar o texto valeiro da táboa

Por defecto a táboa ocultase para unha vista valeira. Con esta opción, e posible amosar unha táboa valeira co texto adentro.

Actualizar

Cancelar

Figura 23: Opcións do estilo de táboa

- Para que quede ben, fáltanos só un detalle, que é darlle un título ao bloque. Para facelo pinchamos no parámetro **Título: Ninguno** do bloque **Axustes Básicos**. No formulario inferior escribimos o título **"Eventos"** e pinchamos en **Update and override**:

Bloque *Amosa a vista como un bloque.*

Axustes básicos

Nome de sistema: **block_1**

Nome: **Bloque**

Comentario: **No comment**

Título: **Ninguno**

Display status: **Activado**

Usar paxinador: **Paged, 10 items**

Ligazón máis: **Non**

Acceso: **Sen restricións**

Link display: **Páxina**

Bloque: O título desta vista

Estado: empregando os valores predeterminados.

This title will be displayed with the view, wherever titles are normally displayed; i.e, as the page title, block title, etc.

Figura 24: Poñemos un título ao bloque.

■ Gardamos a vista.

- Xa só nos queda visualizar o bloque da vista na plantilla da web. Para elo imos á páxina de configuración de bloques (Administrar >> Construción do sitio >> Bloques), seleccionamos a plantilla na que queremos visualizar o bloque (xa está se é a plantilla por defecto), buscamos o bloque da vista:

+ View: Contidos de tipo evento <ningún> [configurar](#)

Figura 25: Buscamos e activamos o bloque

- Seleccionamos unha rexión para o bloque, colocámolo na posición desexada e gardamos a configuración de bloques. Este é o resultado:

REVISTA ESCOLAR

- Último número
- Números anteriores

EVENTOS

Vacacións de Semana Santa	1 semana 35 min
Festa do antroido	1 semana 49 min

educativos

Figura 26: Así queda o bloque

■ Fin.

Creación dunha vista pola clonación de outra existente

Como dixemos anteriormente, Drupal permite clonar unha vista para crear outra que en principio será igual pero que poderemos modificar para diferenciala da orixinal. Isto é moi útil porque permite aproveitar o traballo feito para crear novas vistas similares as existentes. Un exemplo práctico de aplicación teríamolo no caso de que na nosa web do centro tivéramos imlementado algún blog con Drupal (non me refiro a un blog externo implementado con algunha das múltiples ferramentas dispoñibles en internet, senón a un blog dentro da propia web), nese caso poderíamos clonar as vistas dese blog (páxina principal, arquivo, recentes...) para crear as vistas dun novo blog a implementar.

Vexamos cun exemplo como creariamos unha vista mediante a clonación de outra existente, neste caso unha das predeterminadas de Drupal, a vista archive, que amosa os contidos da web clasificados por ano e mes de publicación. Así que para este exemplo imos crear unha vista que nos amose os contidos publicados na taxonomía Actividades -> Complementarias. Imos paso a paso:

1º Paso. Activamos a vista orixinal

- No caso de que a vista orixinal non estea activa, debemos activala. Cando teñamos xa a nova vista poderemos desactivar de novo a orixinal se non se vai a utilizar.
- Para activar unha vista que está inactiva, no formulario de administración de Vistas, na lapela **Lista** buscamos a vista orixinal e pinchamos no enlace **Activar** que hai á súa dereita. Para o noso exemplo activamos a vista **archive**:




Figura 27: Activar unha vista

- A etiqueta "(default)" que aparece ao lado do nome da vista quere dicir que esta é unha vista predeterminada de Drupal e ademais que non foi modificada.
- Unha vea activa vémosla así:




Figura 28: Vista activa

2º Paso. Clonamos a vista

- Una vez activa a vista orixinal pinchamos no enlace **Clonar** que hai á súa dereita. Isto lévanos ao formulario de creación manual dunha vista pero cos valores da vista orixinal. Neste formulario cambiaremos os valores de nome da vista, título, descrición e marcas. É fundamental cambiar o nome xa que non pode haber dúas vistas co mesmo. Este campo *nome* está limintado a 32 caracteres. Poñeremos os valores que se ven na imaxe:

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Construción do sitio](#) » [Vistas](#)

Clonar a vista *archive*

Nome da vista: *

This is the unique name of the view. It must contain only alphanumeric characters and underscores; it is used to identify the view in the database. If a view with the same name already exists, the name must not be changed or instead a new view will be created.

Human readable name:

You can use a more descriptive name for this view here. Spaces are allowed

Ver a descrición:

This description will appear on the Views administrative UI to tell you what the view is about.

Ver marca:

Enter an optional tag for this view; it is used only to help sort views on the administrative page.

Ver tipo:

☒ **Nodo**
Os nodos son os contidos principais dun sitio Drupal.

☐ **Comentario**
Os comentarios son respostas ao contido dos nodos.

Figura 29: Valores identificativos da nova vista

- Una vez introducidos os valores correctos pinchamos no botón **Seguinte**. Isto lévanos ao formulario de edición da vista.
- Vemos neste formulario que esta vista xa ten os valores predeterminados (**Defaults**), unha visualización de tipo páxina (**Page**) e unha visualización de tipo bloque (**Block**). A partir de aquí temos que modificar aqueles parámetros que diferenciarán esta vista da orixinal.



Figura 30: Edición da nova vista clonada

- Podemos començar por establecer os filtros que seleccionen os contidos que desexamos ver con esta nova vista. Na vista orixinal o único filtro é que o contido estea publicado, así que no noso caso imos engadir un filtro para que seleccione só os contidos que están publicados na taxonomía **Actividades -> Complementarias**. Como os filtros serán os mesmos para as dúas visualizacións (páxina e bloque) engadimos este filtro nos parámetros predeterminados (Defaults). Segue estes pasos:

- Engadimos un filtro do grupo Taxonomía e elegimos a opción Taxonomía: Termo (o ID do termo da categoría). Pinchamos en **Engadir**.




Figura 31: Engadir filtro por ID de termo de categoría

- Eleximos a categoría ou vocabulario, neste caso Actividades e marcamos tamén **Desplegábel** e **Amosar a xerarquía no desplegable**. Pinchamos en **Actualizar**.




Figura 32: Eleximos a categoría do termo

- Eleximos o termo dentro da categoría, co operador **É un de**. No noso caso marcamos o termo **Complementarias**. Pinchamos en **Actualizar**.

Figura 33: Eleximos o operador e o termo de categoría

- Podemos cambiar o título "Montly archive" en **Axustes básicos -> Título**. Facendo nos parámetros predeterminados (Defaults) xa nos cambia tamén para as dúas visualizacións. Cambiaríamos "Montly archive" por "Archivo mensual".
- Non imos tocar nada máis para este exemplo nos parámetro predeterminados. Podemos gardar agora a vista.
- Imos agora coa visualización de tipo páxina (Page), así que pinchamos na lapela **Page** debaixo de **Defaults**.
- O que debemos cambiar case sempre de xeito obligatorio é a ruta de acceso á visualización de tipo páxina da vista, para evitar ter dúas coa mesma ruta, da vista orixinal e a da nova. Cambiamos a ruta de acceso no bloque **Axustes da páxina**. Para o noso exemplo podemos poñer *archivocomplementarias*:

Figura 34: Ruta de acceso á páxina da vista

- Tamén podemos establecer un elemento de menú para facilitar o acceso a esta visualización:

Figura 35: Menú de acceso a páxina da vista.

- Podemos gardar a vista e probar o resultado. Precisamos publicar algún contido en Actividades -> Complementarias para poder probar que funciona correctamente. Por exemplo:

Archivo mensual

- Febreiro 2016 (2)

EVENTOS

<< Febreiro 2016 >>

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29						

ACTIVIDADES

- Archivo de actividades complementarias ✓
- > Escolares
- Complementarias

Figura 36: Resultado da visualización de páxina

- Imos por último coa visualización de bloque para esta vista. Se imos a configuración de bloques da web para a plantilla por defecto, vemos que xa temos o bloque correspondente a esta visualización de tipo bloque.

+ View: Archivo de actividades complementarias: Block
 <ningún>
configurar

Figura 37: Bloque para a visualización de tipo bloque

- Se o activamos vemos como queda:

ARCHIVO MENSUAL

- Febreiro 2016 (2)

Figura 38: Bloque do archivo de actividades complementarias

- O problema que temos aquí é que o título do bloque "ARCHIVO MENSUAL" non indica que os contidos aos que da acceso son os publicados en Actividades -> Complementarias. Isto podemos solucionalo modificando o título para a visualización de tipo bloque da vista en Axutes básicos:

Block: O título desta vista

Estado: empregando os valores predeterminados.

This title will be displayed with the view, wherever titles are normally displayed; i.e., as the page title, block title, etc.

Update and override
Actualizas a visualización predeterminada
Cancelar

Figura 39: Cambiamos o título da visualización de tipo bloque

- Gardamos a vista e vemos o resultado final:



Figura 40: Resultado final para a vista de archivo de actividades complementarias

- Podemos desactivar a vista *archive* desde a que creamos esta por medio da súa clonación. Facémolo na lapela **Lista** da pantalla de administración de Vistas pinchando no enlace **Desactivar**. A nova vista segue a funcionar xa que é completamente independente da orixinal.
- **Fin.**

Autoría



Este contido está desenvolto no marco do "Proxecto Websdinámicas" pola Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Xunta de Galicia).



- Este contido está elaborado coa ferramenta de software libre eXeLearning que pode descargar da páxina eXeLearning.net.
- Pertence aos materiais dos cursos impartidos no marco dos Plans de Formación do Profesorado. Pode acceder a estes materiais na [Aula Virtual Aberta do Proxecto Webs Dinámicas](#).
- Neste [enlace](#) pode acceder ao ficheiro fonte deste contido.
- Pode comunicar os erros atopados neste contido no [seguinte formulario](#).



Vostede é libre de compartir, copiar, distribuír, comunicar a obra, facer obras derivadas e facer un uso comercial desta obra baixo as condicións de atribución (Licenza: CC-BY-SA)

RECOÑECEMENTO de autores e recursos empregados:

Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 3.0](#)